

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A EMPRESA UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DE POTENCIA E SUBMINISTRO DUPLICADO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018.

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia; así como na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E DOUTRA: Don Julio Gonzalo García, en calidade de Director de Zona Galicia, con DNI XXXXXXXXXX en nome e representación da empresa UNIÓN FENOSA Distribución S.A, con CIF A63222533,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDO.- Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Investimentos é a unidade administrativa encargada de xestionar, con carácter xeral, a dirección, coordinación e execución dos programas de investimentos aprobados, referidos a obras, instalacións e equipamento de centros asistenciais e administrativos do Servizo Galego de Saúde.

TERCEIRO.- Ao abeiro do artigo 25 do Real Decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía

eléctrica, establécese que para atender as solicitudes de novas subministracións ou ampliación dos existentes, con base nas condicións técnicas e económicas ás que se refire ao artigo 21. 1 b) do presente real decreto, o custo será de conta dos seus solicitantes, segundo o disposto no artigo 25.1 por ser unha ampliación de potencia de mais de 250 kw. en alta tensión, sen que proceda o cobro de dereitos extensión. Unha vez efectuada a solicitude, o distribuidor deberá presentar ao solicitante e, no caso de habelo, tamén ao representante acreditado do mesmo, nos prazos establecidos no artigo 103 do Real Decreto 1955/ 2000, do 1 de decembro, un prego de condicións técnicas e un orzamento económico en documentos e envíos separados, coa desagregación que se establece no artigo 25.3.a) e 25.3.b) do referido Real Decreto 1048/2013.

CUARTO.- Que motivado pola ampliación de Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (en diante CHUO), por parte do Servizo Galego de Saúde solicitouse, en data 27/01/2016, un aumento de potencia da subministración de enerxía eléctrica con CUPS ES0022000004981098PK1P correspondente ao devandito Complexo, pasando de 2.200 kW actuais a 5.000 kW, e un subministro duplicado.

QUINTO.- Que para atender a devandita petición, por parte de UNION FENOSA Distribución, S.A., procedeuse á apertura de dous expedientes: 248416010153 e 248416010158, cunha valoración de:

- A) Expediente núm. 248416010153 para o aumento de potencia: 1.102.210,41 € + IVA e no que se contemplaban as seguintes actuacións na rede:
- i. Reforma do actual centro de entrega do Complexo Hospitalario de Ourense (con matrícula 32CCXO), para o efecto de convertelo nun centro de reflexión.
 - ii. Transvasamento de carga da liña de media tensión que alimenta actualmente ao apuntado Complexo Hospitalario, denominada BARBAÑA 1 (BBA801) cara á liña BARBAÑA 3 (BBA803) que alimenta a outros centros de transformación próximos ao CHUO.
 - iii. Construción dun novo Centro de Seccionamento no existente actualmente con matrícula 32 CBC5.
 - iv. Construción dunha nova liña de media tensión subterránea desde o CR RAIRO (32C671) ata o novo CR 32CCXO, para o efecto de que no novo CR exista unha liña cero, denominada VELLE 5 (VLL805).
- B) Expediente núm. 248416010158 para o subministro duplicado: 26.730,09 € + IVA e no que se contemplaban as seguintes actuacións na rede:

- i. A construción dunha barra de media tensión adicional con dúas posicións de liña no novo CS, complementario ao da subministración principal no actual 32CBC5.
- ii. Ligazón en media tensión entre o CR 32CCXO e o CS 32CBC5.

SEXTO.- Que as valoracións de ambos dous expedientes foron remitidos ao Servizo Galego de Saúde con anterioridade á sinatura do presente convenio. Co obxectivo de poñer a disposición do Servizo Galego de Saúde a potencia solicitada de 5.000 kW coa maior celeridade posible, ambas as partes acordan a modificación das partidas das condicións técnico-económicas dos dous expedientes apuntados no corpo deste documento, da seguinte forma:

A) *Expediente 1ª Fase (s/ref.: EXP248416010153): 385.463,09 €, coa seguinte desagregación:*

Traballos de reforzo, adecuación, adaptación ou reforma de instalacións da rede de distribución existente en servizo, necesarios para incorporar ás novas instalacións.	318.564,54 €
Traballos necesarios para a nova extensión de rede desde a rede de distribución existente	0 €
Total	318.564,54 €
IVE (21 %)	66.898,55 €

B) *Expediente 2ª Fase (s/ref.: EXP248416010158), por importe estimado de: 958.350,00 €, coa seguinte desagregación:*

Traballos de reforzo, adecuación, adaptación ou reforma de instalacións da rede de distribución existente en servizo, necesarios para incorporar ás novas instalacións (anexo I)	12.949,36 €
Traballos necesarios para a nova extensión de rede desde a rede de distribución existente (anexo II)	779.024,79 €
Total	792.024,79 €
IVE (21 %)	166.325,21 €

SÉTIMO.- Que o Servizo Galego de Saúde manifesta o seu interese por dispor cuanto antes da potencia solicitada no subministro principal sendo conscientes da necesidade de executar a solución completa proposta para dispor tanto do subministro principal como do duplicado e recollida de maneira desagregada, respectivamente, nos dous expedientes orixinais indicados no manifesto Quinto.

OITAVO.- Que ámbalas dúas partes teñen finalidades coincidentes e, por iso, consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas, que permitan a mellora das instalacións, a través dun convenio de colaboración.

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- O obxecto de este convenio é a realización das actuacións necesarias para ampliar a potencia de enerxía eléctrica ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

SEGUNDA.- Os importes e os conceptos de ambos os dous expedientes son os seguintes:

- A) *Expediente 1ª Fase (s/ref.: EXP248416010153), por importe de 385.463,09 € (318.564,54 € mais 66.898,55 € correspondente co IVE do 21%): modificación dos centros de seccionamento que dan servizo ao Hospital na actualidade, liberación de centros de transformación alleos ao Hospital da liña principal de subministro. Este expediente corresponde aos traballos de reforzo necesarios para atender de maneira provisional a ampliación de potencia a 5.000 kW solicitada para o subministro principal.*
- B) *Expediente 2ª Fase (s/ref.: EXP248416010158), por importe estimado de 958.350,00 € (792.024,79 € mais 166.325,21 € correspondente co IVE do 21%): realización dos traballos asociados á execución da liña VELLE 5 desde CR HOSPITAL e CR RAIRO e que permitirán garantir de forma definitiva os 5.000 kW, así como a constitución do subministro duplicado.*

TERCEIRA.- O Servizo Galego de Saúde comprométese ao seguinte:

- Realizar as xestións ante a compañía distribuidora, UNION FENOSA Distribución, S.A e abonarlle os custos derivados dos traballos de reforzo, adecuación, adaptación ou reforma de instalacións da rede de distribución existente en servizo, ao ser necesarios para incorporar ás novas instalacións, segundo esixe o artigo 25 do Real Decreto 1048/2013, de 27 de decembro, que establece que estes traballos se realizarán polo distribuidor ao ser este o propietario desas redes e por razóns de seguridade, fiabilidade e calidade da subministración.
- Que para a execución por parte de UNION FENOSA Distribución, S.A de todos os traballos asociados ao expediente "1ª Fase", o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar á devandita sociedade a cantidade total de tres centos oitenta e cinco mil catrocentos sesenta e tres con nove euros (385.463,09 €) dos que 66.898,55 € corresponden co IVE do 21% mais os 318.564,54 € restantes, con cargo a aplicación orzamentaria **5001.412A.227.99.**

- Respecto do expediente "2ª Fase", o Servizo Galego de Saúde contratou a redacción do proxecto básico e de execución de cara a realizar a execución da obra de extensión correspondente á solución proposta en virtude da dispoñibilidade orzamentaria suficiente, xa que os traballos necesarios para a nova extensión de rede poderán ser executados a requirimento do solicitante por calquera empresa instaladora legalmente autorizada ou pola empresa distribuidora, segundo se establece no referido Real Decreto 1048/2013.

CUARTA.- UNION FENOSA Distribución, S.A., comprométese ao seguinte:

- A execución dos traballos do expediente "1ª Fase" (s/ref.: EXP248416010153).
- No caso de ser necesaria por parte do Servizo Galego de Saúde a dispoñibilidade de máis potencia da actualmente contratada (2.200 kW) con anterioridade á finalización dos traballos e posta en servizo das novas instalacións definidos na 1ª Fase, por parte de UNION FENOSA Distribución, S.A., estarase en disposición de atender a devandita necesidade mediante un aumento de potencia provisional ata un máximo de 3.500 kW ata a finalización dos devanditos traballos.
- Unha vez finalizados os traballos asociados ó expediente "1ª Fase", UNION FENOSA Distribución, S.A. estará en disposición de outorgar provisionalmente o aumento de potencia ata os 5.000 kW solicitados a falta de executar os traballos contemplados no expediente "2ª Fase", momento no cal, unha vez finalizados e postas en servizo as novas instalacións, se disporá tanto do aumento de potencia como do subministro duplicado de maneira definitiva.
- Unión Fenosa Distribución, S.A. deberá fornecer á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigacións previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, en caso de incumprimento, indicadas no artigo 4.4 da devandita Lei.

QUINTA.- A contía indicada na cláusula segunda farase efectiva mediante pagamento único, de acordo co estipulado na cláusula sexta deste convenio.

SEXTA.- A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio, achegando a seguinte documentación:

1. Certificado final da obra, nos termos indicados no punto 3 da Instrución Técnica Complementaria ITC-LAT 04 DOCUMENTACIÓN E POSTA EN SERVICIO DAS LÍÑAS DE ALTA TENSIÓN do Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.

2. Factura emitida pola totalidade dos traballos conveniados. A factura emitirase ao Servizo Galego de Saúde (NIF: Q6550006H) electronicamente detallada por concepto de gasto e importe e reflectirá explicitamente a prestación obxecto do contrato, nos conceptos facturables como parte do documento.

SÉTIMA.- A documentación xustificativa presentarase ante o Servizo Galego de Saúde, para análise, comprobación e pagamento, se procede, tras a certificación dos servizos técnicos correspondentes. O Servizo Galego de Saúde resérvase a realización de todos os actos de inspección e seguimento que considere oportunos para verificar o cumprimento do presente convenio.

Para os efectos de xustificación considerase válidos todos os pagamentos realizados dende a entrada en vigor do presente convenio, que poidan considerarse dentro do obxecto do mesmo.

OITAVA.- Corresponde á empresa asinante a titularidade das instalacións que son obxecto do convenio, e por tal motivo, é a única con capacidade para actuar sobre elas.

NOVENA.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DÉCIMA.- A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da empresa "UNION FENOSA Distribución, S.A." que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

UNDÉCIMA.- A empresa prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro.

DÉCIMO SEGUNDA.- As partes asinantes do convenio autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO TERCEIRA.- O presente convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no art. 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- O prazo de vixencia deste convenio será de dous anos dende o día seguinte ao da súa sinatura.

DÉCIMO QUINTA.- Para a interpretación, seguimento e control da execución do presente convenio créase una Comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será a competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEXTA.- Serán causas de resolución deste convenio:

- a) As desviacións de fondos aportados para outro fin distinto do que motivou o presente convenio.
- b) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- c) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade, asínase polas partes o presente convenio en triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE



Jesús Vázquez Almuiña

**POLA EMPRESA UNIÓN FENOSA,
DISTRIBUCIÓN, S.A.**



Julio Gonzalo García